

# Decálogo de propostas urxentes perante a evolución da crise da COVID-19 e o novo cenario de confinamento.



## Xustificación da necesidade das propostas.

As modificacións anunciadas polo Goberno central, particularmente no referente ás crianzas exixen, ao noso xuízo adoptar unha serie de medidas, para alén doutras que observamos necesarias en función da marcha da xestión da crise no noso territorio.

As **PROPOSTAS** que formulamos son as seguintes:

1.- A inminente posibilidade de saír coas crianzas (unha hora e a un quilómetro de distancia) exixe reforzo do control desde a policía local e tamén a apertura do paseo (só para este fin). A tal efecto, debe emitirse un **bando municipal que regule a apertura do paseo só para saír coas crianzas e cun horario determinado.**

2.- O anterior ten como correlato a necesidade de, antes do día 26 de abril, **facer unha limpeza a fondo das rúas e paredes da vila até 2 metros de altura** usando lixivia diluída en auga na proporción recomendada e seguindo os criterios que lles fixemos chegar no seu día através da *Proposta de protocolo para a limpeza viaria no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19*<sup>1</sup> no día 27 de marzo. É importante **esparexer a solución con atomizador**, podendo recorrer, por exemplo, ao que dispoñen moitos labregos e labregas. Estes traballos deben realizarse

<sup>1</sup> Dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2020/03/proposta-de-protocolo-para-a-limpeza-viaria-no-concello-de-chantada-a-aplicar-durante-a-crise-do-covid-19.pdf> (última consulta 22 de abril de 2020).

**en horario nocturno e co persoal dotados coas correspondentes EPI's** para non inspirar lixivia. Esta medida é unha das claves da xestión da crise en Portugal, cunha baixa incidencia como é sabido, onde mesmo en todos os caixeiros bancarios debe haber desinfectante.

3.- Coordinar coas entidades bancarias a **disposición de desinfectantes (xel hidroalcohólico) en todos os caixeiros.**

4.- Obsérvase en diferentes partes da vila a **existencia de lixo, algún particularmente perigoso** para espallar o virus, como poden ser luvas e máscaras faciais. Debe reforzarse a **vixilancia e sanción destes comportamentos** que non se observan noutros concellos ou non en idéntica proporción.

5.- **Garantir o subministro de máscaras no Concello** e verificar que se venden as cirúrxicas ao prezo marcado polo Goberno central. A este respecto lembramos a *Proposta de protocolo para reparto e uso de máscaras no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19*, que lles trasladamos o día 18 de abril<sup>2</sup>. Remitímolos ás mesmas e a **necesidade de editar información sobre o seu correcto manexo** e, de ser o caso, reemprego, así como garantir que os grupos de risco e as persoas máis expostas contén coas mesmas e levar un rexistro axeitado.

6.- A continuidade do **curso escolar** supón afondar na **fenda dixital e social** que existe tradicionalmente no sistema educativo. Por iso, desde múltiples concellos están adoptando diversas medidas: **empréstimo de computadores, servizo de impresión e entrega de tarefas**, fornecemento de **conexión á Internet...** entendemos que estas medidas deben implementarse canto antes desde a Concellaría de Educación para o terceiro trimestre e non permiten maior demora. A 2 de maio todas as crianzas deberían estar en disposición de continuar minimamente co curso. A tal efecto, é necesario coordinarse cos centros educativos. Tamén é importante **fornecer ao alumnado dos libros de lectura que podan ter para a terceira avaliación**, tanto disponibilizando os da biblioteca municipal baixo demanda, canto os dos centros educativos. É moi importante subliñar que, desde o Concello, se debe facilitar soporte tecnolóxico ou equipamento informático, como ordenador, tabletas ou incluso, se é posíbel, acceso á Internet.

---

2 Dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2020/03/proposta-de-protocolo-para-reparto-de-mc3a1scaras-no-concello-de-chantada-a-aplicar-durante-a-crise-do-covid-19.pdf> (última consulta 22 de abril de 2020).

7.- **Demanda de testes, a poder ser semanais, para o persoal do SAF**, xa que é un servizo onde a detección precoce é especialmente importante. **Fornecemento das suficientes EPI's** (máscaras FFP3, etc.).

8.- As **medidas de restrición horaria do lixo**, anunciadas no Bando municipal do trinta de marzo pasado<sup>3</sup>, que lles fixeramos chegar como proposta presenta incongruencias, principalmente dúas: é unha **medida que non ten sentido aplicar no rural** –debería emitirse un novo bando– e debe **acompañarse dunha recollida do lixo en horario inmediatamente posterior. Mellorar a limpeza de colectores e, nomeadamente, a recollida e limpeza dos mesmos no ámbito rural.**

9.- **Reforzo dos servizos sociais** e proactividade na procura de necesidades. O reparto de alimentos e outros produtos básicos está tendo unha incidencia no noso Concello moi inferior aos da contorna e, en xeral, aos galegos cando a nosa realidade demográfica e socio-económica non é, en absoluto, dispar e aínda en moitos casos máis aguda. Portanto, **non estamos detectando o suficientemente ben as necesidades existentes**. Cómpre reforzar a distribución de bombonas, alimentos... e o seguimento das persoas maiores, xa non só as que se encontraban no Centro de Día ou no servizo do SAF. Atender tamén ás crianzas en situación de vulnerabilidade.

10.- **Contacto e coordinación co Recuncho Solidario** e liña de apoio especial para solventar necesidades cidadás, nomeadamente daquelas persoas en situación de vulnerabilidade. Permitirá detectar e solventar novas necesidades que até o momento non foron abordadas.

Reiterar a disposición de Por Chantada a colaborar nunha fronte única nesta pandemia, porén cómpre lembrar que é necesario o fluxo de informacións sobre a xestión da crise e que se celebren comisións de seguimento telemáticas semanalmente, xa que só se realizaron dúas en toda a crise e só se nos convidou a unha (sen conectividade telemática). Agradeceríamos retorno sobre as nosas propostas e escritos, pois a unidade require diálogo e consensos non actuacións unilaterais ou opacidade.

Sen outro particular e agardando que este decálogo lles sexa de utilidade receban un cordial saúdo.

Chantada, 22 de abril de 2020.

Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.

<sup>3</sup> Dispoñíbel en [http://www.concellodechantada.org/imaxes/novas/2020/marzo/recollida\\_lixo\\_COVID-16.pdf](http://www.concellodechantada.org/imaxes/novas/2020/marzo/recollida_lixo_COVID-16.pdf) (última consulta 22 de abril de 2020).